

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

NORMATIVA DA PROBA DE CONXUNTO

De conformidade cos criterios xerais establecidos na Orde de 21 de xullo de 1995 do Ministerio de Educación e Ciencia, as probas de conxunto previas á homologación de títulos estranxeiros, nesta Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña realizaranse atendendo ás seguintes normas:

1.- SOLICITUDE DE PROBA DE CONXUNTO

Os interesados solicitarán a realización da Proba de Conxunto mediante unha solicitude dirixida ao decano da facultade dentro do prazo de tempo comprendido entre o día que comece o curso académico ata o día 31 de decembro dese mesmo ano.

Xunto coa solicitude presentarán un curriculum vitae completo, o orixinal da resolución da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sobre a homologación do título do interesado e unha fotocopia do DNI.

Á vista da documentación aportada, a Facultade notificará aos solicitantes a súa admisión na proba de conxunto e o prazo para pagar as taxas.

2.- TRIBUNAL CUALIFICADOR DA PROBA DE CONXUNTO

O Tribunal Cualificador da Proba de Conxunto será designado pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade para cada curso académico, prorrogándose o mandato do mesmo no seguinte ano académico ata que se convoque a primeira Comisión Permanente.

2.1. O tribunal estará formado polo Decano (ou vicedecano en quen delegue), que exercerá de presidente, polo secretario da Facultade (que será o secretario do tribunal) e por tres profesores da Xunta de Facultade.

3.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA DE CONXUNTO

Unha vez formalizada a matrícula, o tribunal cualificador estudiará a documentación aportada polo alumno e comunicarlle o tipo de proba a realizar e, no seu caso, as materias do plano de estudos que deberá superar o estudante, podendo ser requerido a unha entrevista persoal, se o tribunal o estimara oportuno.

As guías docentes das materias estarán a disposición dos solicitantes en https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=620&ensenyament=620G01&consulta=signatures

Os exames das materias da proba de conxunto realizaranse nas mesmas datas dos exames finais de xuño e xullo coa supervisión do profesor da materia a superar.

O pagamento das taxas dará dereito a dúas oportunidades de exame por curso académico.

Ao remate da convocatoria, o tribunal publicará a relación nominal coas cualificacións obtidas, especificando as materias superadas polos alumnos.

Unha vez superada a totalidade das materias obxecto da proba, o tribunal cualificador outorgará unha cualificación final.

A Universidade remitirá á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ao remate de cada convocatoria, a relación dos alumnos que superaron a Proba de Conxunto e a cualificación obtida por cada un.

O Decanato